

- b) No caso de vivendas de protección oficial, achegárase copia da calificación definitiva, copia da escritura de compravenda do inmovible, copia do NIF do propietario, copia que acredite a presentación do modelo 901 de alteración de titularidade catastral, e facilitarase, en todo caso, a referencia catastral do inmovible.

5.—As solicitudes deberán ir dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Grove, deberán facer constar todos os datos identificativos do interesado (apelidos e nome, NIF, domicilio completo con código postal a efectos de notificacións, número de teléfono, dirección de correo electrónico, de habelos, e deberán facer constar, claramente, no apartado de SOLICITO:, que se pretende a obtención da bonificación do IBI por algún dos supostos contemplados nos parágrafos deste artigo, especificando de cal dos supostos se trate.

ARTIGO 11.—DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO

1.—O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.

2.—O período impositivo coincide co ano natural.

3.—Os feitos, actos e negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación perante o Catastro Inmobiliario terán efectividade no devengo deste imposto inmediatamente posterior ao momento no que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmovibles de características especiais coincidirá coa prevista na normativa reguladora do Catastro Inmobiliario.

ARTIGO 12.—XESTIÓN

A xestión deste imposto rexerase de acordo co disposto nos artigos 76 e 77 do TRLRFL e demais disposicións legais ou regulamentarias que os desenrolen.

Disposición Derrogatoria

Coa aprobación desta Ordenanza, quedará derogada a redacción ate o de agora vixente da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmovibles do Concello de O Grove.

Disposición Final

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DO GROVE

ARTIGO 1. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

1. O imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías publicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considerase vehículo apto para a circulación o que houbese sido matriculado nos rexistros públicos correspondentes mentres non haxa causado baixa nos mesmos. Aos efectos deste imposto tamén consideraranse aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

3. Non están suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que habendo sido dados de baixa nos rexistros por antigüidade do seu modelo, podan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.

- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica dos que a súa carga útil no sexa superior a 750 quilogramos.

ARTIGO 2.-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1. Estarán exentos do imposto:

- a) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e entidades locais adscritos á defensa nacional ou a seguridade cidadán.
- b) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sean súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado. Así mesmo, os vehículos dos organismos internacionais con sede ou oficina en España e dos seus funcionarios ou membros con estatuto diplomático.
- c) Os vehículos respecto dos cales así se derive do disposto en tratados ou convenios internacionais.
- d) As ambulancias e demais vehículos directamente destinados a asistencia sanitaria ou o traslado de feridos ou enfermos.
- e) Os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire a letra A do anexo II do “Regulamento Xeral de Vehículos”, aprobado por Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase en tanto se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados o seu transporte. As exencións previstas nos dous parágrafos anteriores non resultarán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente. A efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con minusvalía as que teñan esta condición legal en grado igual ou superior ao 33%.
- f) Os autobuses, microbuses e demais vehículos destinados ou adscritos o servizo de transporte público urbano, sempre que teñan unha capacidade que exceda de nove prazas, incluída a do condutor.
- g) Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

2. Para poder aplicar as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 de este Artigo, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, súa matrícula e a causa do beneficio. Declarada a exención pola Administración municipal, expedirase un documento que acredite a súa concesión.

En relación coa exención prevista no segundo parágrafo do parágrafo e) do apartado 1 anterior, o interesado deberá aportar o certificado de la minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo ante o Concello mediante declaración xurada na que se faga constar que o vehículo é de uso exclusivo para o desprazamento do minusválido.

3. Os vehículos que reúnan as condicións que se detallan a continuación gozarán das seguintes bonificacións:

- a) Terán unha bonificación do 100% na cota incrementada do imposto, os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñece, tomarase como referencia a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, dende a data que o modelo se deixou de fabricar. Esta bonificación practicarase de oficio polo Concello coa elaboración anual do Padrón do Imposto
- b) Terán unha bonificación do 75% na cota incrementada do imposto, durante os catro anos seguintes ao da súa primeira matriculación, os titulares de vehículos eléctricos híbridos (motor

eléctrico, gasolina-eléctrico, gasóleo-eléctrico ou eléctrico-gas) ou que utilicen gas natural comprimido, metano hidróxeno ou enerxía solar.

Para poder aplicar a exención a que se refire esta letra, os interesados deberán instar a súa concesión aportando certificado das características do vehículo e o permiso de circulación.

A exención surtirá efecto a partir do exercicio seguinte a aquel no que se solicite, excepto no caso de que esta se presente antes do 1 de febreiro, e non se trate dunha alta por primeira matriculación, que surtirá efectos no mesmo exercicio.

ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o Artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, a nome de quen conste o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 4. COTAS TRIBUTARIAS.

O imposto esixirase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que se incrementará, dentro dos límites permitidos polo artigo 95.4 da referida Lei, pola aplicación sobre o mesmo dun coeficiente do 1,20 polo que as cotas a satisfacer serán as seguintes :

TIPO DE VEHÍCULO	COTAS APLICABLES
TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	15,14
De 8 hasta 11,99 cabalos fiscais.	40,90
De 12 hasta 15,99 cabalos fiscais.	86,33
De 16 hasta 19,99 cabalos fiscais.	107,53
De 20 cabalos fiscais en diante.	134,40
CAMIÓNS	
De menos de 1000 kgs. de carga útil	50,74
De 1000 a 2999 kgs. de carga útil	99,96
De más de 2999 a 9999 kgs. de carga útil	142,37
De más de 9999 kgs. de carga útil	177,96
TRACTORES	
De menos de 1000 e máis de 750 kgs. de carga útil	21,20
De 16 a 25 cabalos fiscais	33,32
De más de 25 cabalos fiscais	99,96
REMOLQUES Y SEMIRREMOLQUES	
De menos de 1000 e máis de 750 kgs. de carga útil	21,20
De 1000 a 2999 kgs. de carga útil	33,32
De más de 2999 kgs. de carga útil	99,96
AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	99,96
De 21 a 50 prazas.	142,37
De más de 50 prazas	177,96
CICLOMOTORES	
Ciclomotores de hasta 125 centímetros cúbicos	5,30
Motocicletas de hasta 125 centímetros cúbicos	5,30
Motocicletas de más de 125 hasta 250 c3.	9,08
Motocicletas de más de 250 hasta 500 c3.	18,18
Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 c3.	36,35
Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos	72,70

ARTIGO 5. PERÍODO IMPOSITIVO E REMUNERACIÓN.

1. O período impositivo coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición dos vehículos. Neste caso o período impositivo comezará o día en que se produza dita adquisición.

2. O imposto remunérase o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota do Imposto prorratearase por trimestres naturais nos casos de primeira adquisición ou baixa definitiva do vehículo. Tamén procederá o prorrato da cota nos mesmos termos e nos supostos de baixa temporal por subtracción ou roubo do vehículo, e elo dende o momento en que se produza dita baixa temporal no rexistro público correspondente

ARTIGO 6. XESTIÓN.

A xestión, liquidación, inspección e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria corresponderá a esta Administración Municipal.

As altas faranse mediante autoliquidación polo interesado ou representante a través do impreso que se lles facilitará para a súa tramitación.

ARTIGO 7. XUSTIFICANTES DE PAGO

Os documentos que servirán de xustificantes de pago serán os recibos emitidos cos correspondentes padróns no caso do cobro periódico, e o xustificante de ingreso da autoliquidación no caso das altas novas que se expedirán pola administración municipal unha vez realizado o ingreso que corresponda.

A Xefatura Provincial de Tráfico non tramitarán os expedientes se non se acredita previamente o pago do Imposto, nos termos establecidos no presente Artigo.

DISPOSICION DEROGATORIA

Queda derogada a anterior ordenanza municipal reguladora deste imposto e todas aquelas disposicións emanadas de órganos municipais que se opoñan ou contradigan o presente texto articulado.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión realizada o día vinte e nove de setembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil doce, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS**ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA**

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola celebración de matrimonios civís nas dependencias municipais, que se regula na presente Ordenanza segundo o disposto no artigo 57 do RDLex. 2/2004.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1.—Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenrolada como consecuencia da prestación dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís a instancia da parte interesada.

2.—Non se inclúe nesta taxa a tramitación do expediente gubernativo previo ao matrimonio civil nin a posterior expedición do Libro de Familia.

ARTIGO 3.—SUXEITOS PASIVOS

Os suxeitos pasivos contribuíntes son os contraentes, que quedan obrigados de modo solidario ó seu pagamento, por si mesmos ou ben polos seus representantes.